



I XORNADAS INTERNACIONAIS DA **ARTE RUPESTRE ATLÁNTICA**

20 - 21 · SETEMBRO · 2025

**PARQUE ARQUEOLÓXICO
DA ARTE RUPESTRE
DE CAMPO LAMEIRO**

Prazas limitadas; inscrición en paar.es

Organiza:



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

Lugar:



**PARQUE ARQUEOLÓXICO
DA ARTE RUPESTRE
DE CAMPO LAMEIRO**

OBRADOIROS E SEMINARIOS

I XORNADAS
INTERNACIONAIS
DA **ARTE**
RUPESTRE ATLÁNTICA

SÁBADO 20 DE SETEMBRO DE 2025

10:00 – 10:30 H **RECEPCIÓN E ACREDITACIÓN**

10:30 – 12:15 H **OBRADOIRO DE RESTAURACIÓN
DA ARTE RUPESTRE**

"Investigación e aplicación dun método seguro para o control de comunidades de líques e musgos en petróglifos".

Alejandro Javier Pujales, conservador-restaurador especializado en Arqueología.

12:15 – 12:30 H **PAUSA PARA CAFÉ**

12:30 – 14:30 H **OBRADOIRO DE REXISTRO
E FOTOGRAMETRÍA 3D**

"RUPESTR3D: fotogrametría para a documentación da arte rupestre de Campo Lameiro"
Alia Vázquez-Martínez, Miguel Carrero Pazos e Alexis Maldonado Ruiz.

14:30 – 16:30 H **PAUSA PARA COMIDA**

16:30 – 17:30 H **CHARLA**

"Os Sobrino no xerme do PAAR: fontes clásicas para recuperación e valoración da arte rupestre galaica".

Colectivos A Rula e Septima2. Equipo de Didáctica do PAAR.

Charla previa introdutoria sobre os traballos realizados no proceso de clasificación dos fondos de Arquivo Núñez Sobrino en Campo Lameiro, Cotobade e o PAAR.

17:30 – 20:30 H **VISITA**

Visita guiada en microbús polos petróglifos estudados por **Ramón Sobrino Buhigas** e **Sobrino Lorenzo** no Concello de Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade.

21:30 H – 23:30 H **NOITEPEDRAS**

Visita guiada especial polos petróglifos do PAAR.

Actividade gratuíta
Inscripción na páxina web: www.paar.es

A Arte Rupestre Atlántica representa un patrimonio compartido que conecta Galicia, Portugal e as Illas Británicas a través de expresións culturais e simbólicas comúns da Prehistoria. Esta iniciativa ten como finalidade promover un espazo de cooperación entre universidades, museos, centros de interpretación e colectivos especializados, co obxectivo de afianzar o papel de Galicia como un territorio de referencia na investigación, protección e divulgación desta tipoloxía de arte rupestre.

CHARLAS E CONFERENCIAS

I XORNADAS
INTERNACIONAIS
DA **ARTE**
RUPESTRE ATLÁNTICA

DOMINGO 21 DE SETEMBRO DE 2025

10:00 – 10:15 H **RECEPCIÓN E ACREDITACIÓN**

10:15 – 10:30 H **PRESENTACIÓN INSTITUCIONAL**

10:30 – 12:15 H **ÚLTIMAS INVESTIGACIONES
NA ARTE RUPESTRE ATLÁNTICA**

Xosé-Lois Armada (INCIPIIT-CSIC): *"As conexións Atlánticas durante a Idade do Bronce"*.

Joana Valdez-Tullet (Durham University): *"Arte Rupestre Atlántica: pasado, presente e futuro"*.

Elizabeth Shee Twohig (University College Cork): *"Continuities and Transformations in Irish Megalithic Art Contexts"*.

12:15 – 12:30 H **PAUSA PARA CAFÉ**

12:30 – 14:00 H **CONSERVACIÓN E ARQUEOLOXÍA PÚBLICA**

Fernando Carrera (Ex Director da Escola de Restauración de Bens Culturais de Pontevedra): *"Reflexións sobre a conservación da Arte Rupestre Prehistórica e Atlántica"*.

Elena Cabrejas (INCIPIIT-CSIC): *"Laxe dos Bolos, o coloso descoñecido da Arte Rupestre Atlántica"*.

14:30 – 16:30 H **PAUSA PARA COMIDA**

16:30 – 17:00 H **Sofia Figueiredo-Persson (Universidade NOVA de Lisboa):** *"Viver a Arte Rupestre: Mediação Cultural através de Imagens, Histórias e Experiências"*

17:00 – 18:00 H **MESA REDONDA: 'CONEXIÓNS PROBABLES ENTRE OS
TERRITORIOS DA ARTE RUPESTRE ATLÁNTICA'**

A dinámica prevista permitirá identificar liñas de cooperación, definir prioridades de investigación e fortalecer redes internacionais dedicadas á documentación, conservación e posta en valor deste legado.

18:30 – 19:30 H **VISITA GUIADA AO PARQUE ARQUEOLÓXICO
DA ARTE RUPESTRE DE CAMPO LAMEIRO**

Actividade gratuíta
Inscripción na páxina web: www.paar.es

PANEL DE RELATORES

I XORNADAS
INTERNACIONAIS
DA ARTE
RUPESTRE ATLÁNTICA

SÁBADO 20 DE SETEMBRO

ALEJANDRO JAVIER PUJALES SOUTO

Conservador-restaurador especializado en Arqueoloxía, que desenvolveu boa parte da súa carreira sobre arte rupestre en espazos como Siega Verde, Domingo García, Cueva de El Castillo e numerosos sitios arqueolóxicos por toda Galicia (antas, mámoas, petróglifos como Laxe das Ferraduras, Pedra dos Cogoludos, Petróglifos de Abeleiras, Petróglifos de Estacas, Laxe das Rodas, Rotea de Mendo, Petróglifos de Matabois...). Traballou tamén na restauración da Catedral de Santiago, con estudo especializado da Fachada das Praterías, Facultade de Medicina, Pazo de Fonseca... Na actualidade atópase restaurando Ponte Anceu, na Lama.

ALIA VÁZQUEZ-MARTÍNEZ, MIGUEL CARRERO PAZOS E ALEXIS MÁLDONADO RUIZ

Integran o Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste – Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEPN-AAT) da Universidade de Santiago de Compostela, referente na investigación da prehistoria e da arte rupestre ao aire libre en Galicia. O seu traballo céntrase na análise arqueolóxica e na conservación do patrimonio rupestre, con especial atención ao control da colonización biolóxica sobre petróglifos, aplicando metodoloxías interdisciplinares como teledetección, arqueometría, análise espacial ou ensaios de laboratorio. Participan en proxectos competitivos de ámbito estatal e internacional, con numerosas publicacións científicas e accións de transferencia social, colaborando con administracións públicas e intervindo en xacementos como Campo Lameiro ou a Serra do Barbanza, converténdose nun equipo novo e dinámico de investigadores especializados en arte rupestre.

ASOCIACIÓN CULTURAL COLECTIVO A RULA

É unha entidade con sede en Teo que desde 2013 se dedica á investigación, protección e divulgación da arte rupestre na comarca compostelá e en diversas zonas de Galicia. Foi fundada por persoas apaixonadas polos petróglifos, cunha visión activa de catalogación e conservación da arte rupestre prehistórica. Colaboran na actividade o investigador e biógrafo de Sobrino Buhigas, Ángel Sobrino Núñez e o colectivo Septima2.

ELIZABETH SHEE TWOHIG

Foi profesora e investigadora emérita na Universidade de Cork, cunha destacada traxectoria no estudo da arte rupestre atlántica e da arqueoloxía do Neolítico e da Idade do Bronce en Irlanda. A súa obra principal, *The Megalithic Art of Western Europe* (1981), estableceu un marco metodolóxico para a análise comparativa da arte megalítica en Europa Occidental, integrando aspectos estilísticos, técnicos e simbólicos. Un dos seus traballos máis significativos foi a dirección arqueolóxica do volume *Excavations at Knowth, Volume 7: The Megalithic Art of the Passage Tombs at Knowth, Condado Meath* (2022), editado con George Eogan. Esta obra ofrece un catálogo exhaustivo de 390 pedras gravadas en Knowth, identificando seis estilos principais de arte e contextualizándoos no marco máis amplo da arte megalítica atlántica.

Ademais, Shee Twohig publicou estudos sobre a arte rupestre ao aire libre en Loughcrew, Condado Meath, analizando a súa distribución paisaxística e relación coas tumbas de corredor da zona.

JOANA VALDEZ-TULLET

É doutora en Prehistoria pola University of Southampton, especializada en Arte Rupestre Atlántica desde unha perspectiva de paisaxe, GIS e técnicas dixitais como RTI e fotogrametría. Actualmente está vinculada á Durham University e a Wessex Archaeology como investigadora en arte rupestre. A súa investigación céntrase no estudo da arte rupestre esquemática e atlántica no noroeste ibérico e Gran Bretaña. En 2010 publicou un estudo comparativo sobre Monte de Góios (Portugal) explorando estilos, técnicas e contextos paisaxísticos.

Na súa tese e traballos posteriores desenvolveu o proxecto "Design and Connectivity: the case of Atlantic Rock Art", aplicando metodoloxías multi-escala con GIS, análise de redes e examinando a transmisión cultural. En 2022 publicou un capítulo centrado na memoria colectiva e nas dimensións sociais da arte rupestre. En 2023 coordinou proxectos innovadores sobre documentación dixital de arte rupestre, defendendo a integración de imaxes 3D e análise computacional. Tamén traballa en Escocia, aplicando metodoloxías multi-escala aos gravados prehistóricos e colaborando nun estudo sobre gravados de cervos en Dunchraigaig.

DOMINGO 21 DE SETEMBRO

PANEL DE RELATORES

I XORNADAS
INTERNACIONAIS
DA ARTE
RUPESTRE ATLÁNTICA

XOSÉ-LOIS ARMADA

Científico Titular no Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC (INCIPIIT-CSIC). Con anterioridade, desenvolveu a súa carreira académica nas universidades da Coruña e Durham, no CSIC e na University College London. A súa investigación céntrase na protohistoria atlántica e as súas interaccións co ámbito mediterráneo, prestando especial atención á metalurxia e ás súas dimensións sociais. Sobre estes temas lidera proxectos de investigación de orientación interdisciplinar dende hai máis de 15 anos, integrando datos arqueolóxicos con perspectivas ambientais e patrimoniais.

É autor de máis dun cento de publicacións e coeditor científico de obras de referencia como *Atlantic Europe in the First Millennium BC: Crossing the divide* (Oxford University Press, 2011) ou *Metals, Minds and Mobility: Integrating scientific data with archaeological theory* (Oxbow Books, 2019). Tamén é autor, xunto con Ignasi Grau, do capítulo sobre a Península Ibérica en *The Oxford Handbook of the European Iron Age* (OUP, 2023). Forma parte dos consellos editoriais e asesores de prestixiosas revistas e coleccións de monografías, e ten comisariado varias exposicións. Entre 2021 e 2024 foi o primeiro coordinador da rede ArchaeologyHub-CSIC, que aglutina a máis de 270 persoas pertencentes a 25 centros do CSIC co obxectivo de cohesonar a investigación arqueolóxica que se realiza neste organismo e contribuír dende a disciplina aos grandes retos e debates do presente.

FERNANDO CARRERA

Exdirector da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia (Pontevedra), conta cunha ampla e recoñecida traxectoria na conservación do patrimonio cultural. Doutor en Historia pola UNED, a súa tese doutoral centrouse no estudo da arte parietal en monumentos megalíticos do noroeste peninsular, abordando a súa dimensión patrimonial e as propostas para a súa conservación. Especialista na restauración e conservación de arte rupestre prehistórica e atlántica, ten desenvolvido numerosos proxectos centrados na protección dos petróglifos galegos, combinando o rigor científico cunha profunda sensibilidade cara á natureza simbólica e material destes bens.

É autor de múltiples publicacións especializadas, tanto artigos científicos como libros de referencia, entre os que destaca *Arte parietal megalítico en el noroeste peninsular: conocimiento y conservación*, coeditado con Ramón Fábregas Valcarce, ou a guía divulgativa arte rupestre en Galicia, na que participou xunto con destacados expertos no ámbito. A súa reflexión crítica achega unha análise profunda sobre os desafíos técnicos e éticos da conservación deste patrimonio, propondo novas vías de intervención sostible e de xestión responsable baseadas nun coñecemento acumulado ao longo de décadas de experiencia profesional e docente.

ELENA CABREJAS

Arqueóloga e técnica de investigación no Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIIT-CSIC). Ten unha longa experiencia na xestión do impacto arqueolóxico na construción de obras públicas, así como en escavacións e outras actuacións sobre sitios arqueolóxicos incluíndo o apoio á súa investigación e posta en valor, moitos deles en contextos de arte rupestre como Campo Lameiro ou nos Ballotes e no Alto de Sobreiras, estes últimos no monte Xiabre. No proxecto desenvolvido en Laxe dos Bolos foi directora e coordinadora dos traballos arqueolóxicos de documentación e análise.

Ademais, é responsable de transferencia de coñecemento no INCIPIIT-CSIC, co fin de colaborar e transferir capacidades, servizos e coñecemento científico innovador en Patrimonio Cultural con alto valor engadido.

SOFIA FIGUEIREDO-PERSSON

Arqueóloga e investigadora integrada no Centro de Humanidades da Universidade NOVA de Lisboa (CHAM). Especialista en arte rupestre e na súa comunicación ao público. Cunha ampla traxectoria en proxectos de gran escala, foi directora do Museo e Parque Arqueolóxico do Val do Còa e coordinou o Estudo de Arte Rupestre do Val do Sabor, premiado internacionalmente. A súa investigación céntrase na arte rupestre e na valorización do patrimonio, destacando a súa preservación e difusión. Na actualidade dirixe a empresa Iconictheory, desde a que desenvolve proxectos nacionais e internacionais que combinan ciencia, cultura e mediación, promovendo novas formas de interacción co patrimonio arqueolóxico.

DOMINGO 21 DE SETEMBRO